



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 31 DE XULLO DE 2025

ASISTENTES

ALCALDESA

Ana Mª López Fernández

**CONCELLEIROS/AS
GRUPO P.P**

Laura García Ruíz
Alberto Balado Ramonde

GRUPO PSGA-PSOE

José M. Alonso Pumar
Jonathan I. Miranda Lucas
Mª José Fraguela López

GRUPO BNG:

Carlos Castro Durán
Pablo Fraguela Casás
Nuria Oliveira Álvarez

AUSENTES

Miguel A. Pérez Fraguela
Miriam Rodríguez Fernández

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:

Ausente

ORDE DO DIA:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:
29/05/2025.**



2º.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 193/2025, DE 23/05/2025 AO 300/2025, DE 23/07/2025

3º.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE CARIÑO, PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL (2024/A005/000006).

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CALENDARIO DE DÍAS INHÁBILES PARA O ANO 2026 (EXPDTE 2025/X006/000115).

5º.- INFORME DO CONCELLO SOBRE O CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE (EXPDTE 2025/X006/000116).

6º.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO JOSÉ MIGUEL ALONSO PUMAR (EXPDTE 2025/X006/000117).

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

.....

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 29/05/2025

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en diante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 29/05/2025, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Non efectuándose observacións, a acta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.



2º.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 193/2025, DE 23/05/2025 AO 300/2025, DE 23/07/2025.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.

3º.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE CARIÑO, PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL (2024/A005/000006).

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado do presente convenio.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CALENDARIO DE DÍAS INHÁBILES PARA O ANO 2026 (EXPDTE 2025/X006/000115).

Visto o ditame da Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de 28/07/2025 que establece:

O artigo 30, apartado 7, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece que a Administración Xeral do Estado e as Administracións das Comunidades Autónomas, con suxeición ao calendario laboral oficial, fixarán, no seu respectivo ámbito, o calendario de días inhábiles a efectos do cómputo de prazos. O calendario aprobado polas Comunidades Autónomas comprenderá os días inhábiles das entidades que integran a Administración Local correspondente ao seu ámbito territorial, ás que será de aplicación.

Vista a necesidade de elaborar o calendario de días inhábiles para o ano 2026, xa que a Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración remitiu a esa entidade local oficio de 25/06/2025 requirindo a este Concello para que se lles remita dita información.

A Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte

DITAME:



PRIMEIRO: Declarar como días festivos locais, e polo tanto, inhábiles, o 17 de febreiro de 2026 (martes de entroido) e o 16 de xullo de 2026, respectivamente.

SEGUNDO: Ordear que se publique a presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico do Concello, e que se notifique aos distintos departamentos, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

A Alcaldesa explica que existe un erro na proposta de días inhábiles, xa que os correctos son o 16 de xullo e o 24 de agosto, e que non se deron conta na comisión informativa. Por unanimidade dos membros presentes, acéptase dito cambio.

A Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: Declarar como días festivos locais, e polo tanto, inhábiles, o 16 de xullo de 2026 e o 24 de agosto de 2026, respectivamente.

SEGUNDO: Ordear que se publique a presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico do Concello, e que se notifique aos distintos departamentos, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

5º.- INFORME DO CONCELLO SOBRE O CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE (EXPDTE 2025/X006/000116).

Visto o ditame da Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de 28/07/2025 que establece:

En data 19/05/2025 foi remitido a esta entidade local un escrito asinado pola Dirección do CEIP Manuel Fraga Iribarne, instando a este Concello que se leve a pleno o cambio de denominación de dito centro educativo por CEIP A BASTEIRA.

O decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, no seu artigo 8 establece:

1.- As escolas de educación infantil e os colexios de educación primaria de titularidade pública dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terán, segundo corresponda, a denominación xenérica de Escola de educación infantil, Colexio de educación primaria ou Colexio de educación infantil e primaria e a denominación específica que aprobe a dita consellería por proposta do consello escolar do centro e con informe favorable do Concello.



2.- Non poderán existir no mesmo concello escolas de educación infantil ou colexios de educación primaria coa mesma denominación específica.

Visto que por acordo do Consello escolar do centro (9 votos a favor) a denominación elexida resulta CEIP A BASTEIRA.

A Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: Informar favorablemente o cambio de denominación específica do CEIP Manuel Fraga Iribarne por CEIP A BASTEIRA.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo a dito centro educativo.

A Alcaldesa indica que chegou a proposta do consello escolar para o cambio de nome do colexio Fraga Iribarne por A Basteira.

Carlos Castro agradece ao consello escolar que fixeran súa dita iniciativa e que se aplicara al Lei de memoria histórica democrática, e que agora soamente queda que se aprobe por parte da Consellería de educación e que espera que non tarden moito.

José M. Alonso explica que é a comunidade educativa quen marca o nome e que respectarán esa decisión. Que pode ser certo que o día de mañá o colexio teña que cambiar de ubicación polo tema do PXOM e que o nome vincula ao colexio polo lugar no que se atopa, pero que iso é algo simbólico. Engade que o grupo popular votou a favor do cambio de nome na comisión informativa, e que está perdido como voceiro do PsdGa, xa que se abstiveron na reunión do consello escolar do colexio, e que en prensa dixeron que estaban en contra, e que realmente non sabe cal é a postura do Partido popular.

A Alcaldesa dille que na comisión informativa non houbo conexión entre Laura e ela, pero que a decisión do voto é en contra porque a xente que alí traballou lle trasladou que era un agravio cambiar ese nome xa que Manuel Fraga fixo moito por Cariño, e que se considera como unha ofensa para a xente que traballou alí. Que esa persoa foi presidente da Comunidade Autónoma durante moitos anos e que non todos os galegos se equivocan.



José M. Alonso insiste en que a comunidade educativo que tomou unha decisión, e que dende o Concello pide que se continue co asunto e que non se poñan paus nas rodas de xeito burocrático por atrás, e que finalmente se aprobe a vontade veciñal.

O Pleno corporativo por seis votos a favor dos grupos municipais do PsdGa e BNG e tres votos en contra do PP

ACORDA:

PRIMEIRO: Informar favorablemente o cambio de denominación específica do CEIP Manuel Fraga Iribarne por CEIP A BASTEIRA.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo a dito centro educativo.

6º.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO JOSÉ MIGUEL ALONSO PUMAR (EXPDTE 2025/X006/000117).

Visto o ditame da Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de 28/07/2025 que establece:

Visto o escrito presentado en data 21/07/2025 pola concelleiro José Miguel Alonso Pumar, renunciando á súa condición de concelleiro do Concello de Cariño, cargo que exerce na actualidade e do que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación de data 17/06/2023 ao ser proclamado electo coa candidatura presentada polo Partido Socialista de Galicia, na que ocupaba o posto número un (1), e de conformidade co previsto na lexislación electoral e de réxime local, así como na Instrucción da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, de 10 de xullo de 2003.

A Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras, por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO: Toma coñecemento, para a súa efectividade, da renuncia formulada por José Miguel Alonso Pumar en data 21/07/2025 á súa condición de concelleiro do Concello de Cariño e a todos os demais cargos que exerce, derivados desta condición.

SEGUNDO: Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato seguinte.



A Alcaldesa dalle as grazas a Alonso Pumar polo tono que sempre tiveron, de chegar sempre a acordos e que sempre houbo respecto e educación entre eles. Agradécelle o traballo realizado e dalle sorte na nova etapa traballando noutra faceta que sempre vai a ser bo para Cariño.

José M. Alonso agradece a todos o tono e que foron dez anos que lle pasaron voando, e que a nivel persoal que se queda con todo o mundo, e que renuncia porque vai a ser xerente do Xeoparque, a pesar de non ser incompatible unha cousa con outra.

A Alcaldesa dille que nos estatutos do Xeoparque hai unha cláusula que indica que o xerente non pode formar parte dos órganos de goberno de calquera dos municipios integrados na asociación.

José M. Alonso cre que non é de recibo estar nunha entidade onde se xestionan e buscan fondos a nivel comarcal , e ao mesmo tempo estar na primeira liña dos plenos, que se trata dunha cuestión de ética. Dalle as grazas a todos os veciños que incluso nos momentos malos foron bastante respectuosos, que estes anos lle serviron para coñecer a administración, e que se trata dunha etapa da súa vida moi enriquecedora. E que se en algo axudou a que as parroquias sexan algo mellor, que ben feito está. Dalle as grazas a todos os concelleiros e concelleiras e deséxalles moitos éxitos, e que o seu corazón que lle pide que haiba un cambio de rumbo no Concello, pola súa ideoloxía.

O Pleno corporativo, por unanime dos seus membros, toma coñecemento da renuncia de José Miguel Alonso Pumar.

A continuación abandona a sesión.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Carlos Castro antes de proceder cos rogos e preguntas pide se é posible darlle promoción a un anuncio de concentración por parte da CIG, que se quere facer diante de todos os Concellos polo asasinato de Teresa, traballadora do SAF de Porriño, que foi asasinada pola parella dunha das usuarias que atendía o pasado martes. A CIG propón concentración en todos os Concellos de Galicia este venres 1 de agosto ás 12:00 do mediodía.

A continuación formula ROGOS E PREGUNTAS:

-Roga que se transmitan os plenos á cidadanía.

-Piden os veciños que se se vaia a rozar á zona do Pousadoiro e Reboredo.



- Pregunta se despois da reunión para asinar o convenio coa Xunta de Galicia do pavillón municipal, se falaron doutros proxectos.

A Alcaldesa comenta que falaron doutras necesidades do pobo, que lles preocupaba conseguir os fondos para a reparación do pavillón e que ao final que o traballo se ve. Engade que agora as prioridades que van cambiando, e que as necesidades do Concello que llas trasladaron ás distintas Consellerías.

Pregúntalle Carlos Castro cando comezan as obras, e a Alcaldesa resposta que no prazo máis breve posible.

-Pregunta se houbo avances co tema de Marcultura en Sismundi? A Alcaldesa di que non lles deron solución en Costas.

- Carlos Castro di que hai dous meses que dixeran que non houbera ningunha interlocución nin co xulgado de Ortigueira nin coa Consellería de Xustiza para ver como se podía buscar un mellor servizos no xulgado de Paz. Pregunta se houbo dende aquela algunha chamada a algún dos dous organismos.

A Alcaldesa resposta que non.

-Pregunta se se traballou algo para sacar adiante o PXOM e o PEPRI.

A Alcaldesa resposta que non.

-Comenta que son eles os que insisten sempre sobre o amaño das infraestruturas rotas ou deterioradas que hai no Concello, como os parque infantís, camiños peonís, pasarelas de madeira... Piden que se amañen para evitar lesións entre a veciñanza.

-Pregunta como está o tema da Relación de Postos de Traballo.

A Alcaldesa dille que se falou coa empresa pero que non se fixo reunión cos sindicatos.

-Pregunta como está o tema do camión de recollida de residuos.

Alberto Balado di que está mellor, que verte un pouco polo fondo pero que se lle puxo unha chapa para solucionar.

-Pregunta se houbo avances no tema da reversión dos terreos de Portos.

A Alcaldesa dille que non.

-Pregunta cando se poderá facer unha reunión sobre o cambio de nome das rúas, pola Lei de Memoria Democrática. Engade que os grupos municipais do PsdGa e BNG que fixeron unha petición conxunta o 25 de febreiro e que aínda seguen sen resposta.

-A Alcaldesa di que como se reunen de forma informal que a próxima vez que o fagan, que lembra este tema.

-Carlos Castro di que o cine da Solana que é un ben protexido polo catálogo de patrimonio cultural do Plan básico autonómico da Xunta de Galicia. Que a cubrición temporal plástica que se atopa desintegrada pola cara sur da cuberta, acelerando a



degradación do interior do edificio. Roga que se lle inste á propiedade a tomar as medidas necesarias de cobertura que permitan a conservación do inmovible.

-Carlos Castro explica que o 30 de maio de 2024 que trouxeron un rogo xa que lles preocupaba a situación das colonias incontroladas de gatos no Concello e pedían cumprir a Lei de benestar animal. Na acta dese pleno a intervención do BNG que foi a seguinte:

“A continuación Nuria Oliveira realiza os seguintes ROGOS:

1.- Rogan que en relación co problema dos gatos que existe en Cariño, que consulten o artigo 39 da Lei de benestar animal, xa que como administración local teñen unhas obrigas que non se están a cumprir. Rogan que haxa colonias controladas municipais.

Ana M^a López comenta que na rúa non se pode dar de comer aos animais, xa que outra cousa distinta son os animais que cada un teña na súa casa, pero que ela non lle da de comer aos gatos que se atopan arredor da súa casa. E que a xente ten que ser consciente dese tema.

Nuria Oliveira insiste en que debe existir un maior control por parte do Concello.

Pablo Fraguela comenta que non se pode trasladar á cidadanía un tema que é responsabilidade do Concello, xa que a obriga está establecida por unha lei estatal.

Ana M^a López dille que tamén hai unha normativa municipal que prohíbe darlle de comer aos animais na rúa.

Pablo Fraguela di que é responsabilidade dos Concellos esterilizar os animais, que o debate é que esa poboación require un control por parte do Concello para que eses animais non sufran.

Laura García comenta que o problema é que tamén existen outros temas municipais importantes, que as arcas están como están, que se trata dun tema importante, pero que tamén supón un custo importante para o Concello.

Pablo Fraguela dille que o Concello está a pagar cousas que son competencia da Xunta de Galici, pero que temas que son obrigas do Concello que non se están a pagar.

Nuria Oliveira comenta que hai subvencións para os Concellos, para estes temas”.

Carlos Castro engade que levaron ese rogo ao pleno de maio de 2024 porque lles preocupaba que por non ter controladas esas colonias de felinos que podía pasar o que lamentablemente aconteceu coa veciñanza da travesía de Centeás.

Que intentan ser construtivos cos problemas que ven que poden afectar ao Concello e que soen vir cunha posible solución, e que neste caso avisaban da posibilidade de obter axudas previstas pola norma do Estado español.

Engade que no seguinte pleno ordinario de 1 de agosto de 2024, que volveron a preguntar se miraron a Lei de benestar animal para buscar unha solución ao problema das colonias de gatos, e que a Alcaldesa explica que noutros Concellos fan pequenas asociacións que se fan cargo destas colonias e que solicitan subvencións para iso, pero ela non ve que como Concello, se poidan solicitar este tipo de axudas en Cariño.



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Cabo Ortegal
XEO PARQUE



Di que dende ese momento ven que ninguén por parte do goberno municipal quería facerse cargo da problemática, e que o ideal sería buscar un método dentro do Concello, falando con xente preocupada polo tema ou chegando a acordos cos Concellos veciños e así buscar unha solución conxunta.

Comenta que eles sempre prefiren unha boa prevención para evitar ter que buscar solución a problemas que se poderían evitar, que ter colonias sen control por parte do Concello fai posible a irrupción de pragas con consecuencias que non se poden prever.

Lembra que este tipo de pragas poden transmitir enfermidades aos seres humanos, e di que lles enoxa que cada vez que hai un problema, e o Concello ten unhas obrigas que as cumpra, e que non teñan os veciños que estar pelexando con outras administracións para que despois lles acaben dando a razón de que a responsabilidade sexa do Concello.

A Alcaldesa comenta que houbo xente que veu a dicir ao Concello que se ían a facer cargo das colonias felinas, dándolles permiso dende o Concello, e que é máis fácil que o xestione esta xente que o Concello, que está escaso de persoal.

Carlos Castro comenta que eles xa promoveron que algunha asociación se fixera cargo e evitar que se derivara nesta situación actual.

Pregunta que fixeron cando os veciños da travesía de Centeás pediron axuda.

A Alcaldesa explica que buscaron á persoa propietaria e que se puxeron en contacto con ela, e que lles deu permiso para entrar, e que chamaron a unha empresa para que actuara, facéndose cargo dito propietario de todos os gastos. A Alcaldesa di que primeiro que hai que avisar ao propietario, e se este non aparece que o Concello se fai cargo de forma subsidiaria. E que no momento en que o propietario deu o permiso, que ao día seguinte veu unha empresa a fumigar.

Carlos Castro dille que ao mellor faltou a comunicación cos veciños, e a Alcaldesa dille que en dous días que se solucionou o problema.

A continuación Jonathan Miranda realiza as seguintes PREGUNTAS:

-Manifesta a súa solidariedade co asinato da traballadora do SAF de Porriño e indica que se unen a dita concentración sinalada polo voceiro do BNG.

-Con respecto ao tema da plaga de pulgas na travesía de Centeás, que teñen entendido que a primeira comunicación foi o nove de xuño e que o Concello non actuou ata o vinte e pico de xuño.

A Alcaldesa dille que veu o doce de xuño.

Jonathan Miranda comenta que a Alcaldesa dixo na prensa o día 26 de xuño que o primeiro é avisar aos danos, e que o fixeron o luns. Que el entende que os veciños se cabreen se en doce días o Concello non da ningún tipo de paso.

A Alcaldesa explica que foron a limpar antes, que o día 12 de xuño que puxeron unha queixa e que ao día seguinte se foi a chorrear.



Jonathan Miranda di que posteriormente se fixeron varias fumigacións, e que na prensa se comunicou unha fumigación o día nove que parece ser que non se fixo.

A Alcaldesa dille que veu a empresa e que dixo, despois de revisar, que non era necesario fumigar.

Jonathan Miranda di que pediron a documentación sobre isto, pero que non se lles entregou.

Laura García coméntalle que precisamente lle trae a documentación ao pleno para entregarlla, porque a empresa tardou en remitila.

Jonathan Miranda entende que o Concello non ten que facer o traballo e que pregunten aos Concellos veciños como fan para evitar estas cousas. Que hai unha asociación que leva todo o tema das colonias de gatos, a través de convenios cos Concellos, e que iso lles da seguridade aos veciños. Cre que isto o hai que plantexar, tratar de establecer convenios, e que o Concello pode pedir axudas tanto á Comunidade Autónoma como ao goberno de Madrid.

-Pregunta polo convenio do polideportivo, que lles fixeron chegar as dúbidas de onde se vai a colocar o rocódromo. Pregunta polo cronograma das obras.

A Alcaldesa dille que a obra ten que estar rematada na metade do ano que ven xa que se realiza en dúas anualidades, que a primeira que ten que estar xustificada en decembro de 2025 e que hai que mirar como se vai a transportar o rocódromo.

Laura García comenta que no seu día que se miraron varias opción e que pola altura do rocódromo que non había un sitio adecuado para colocalo, que se estiveron mirando varias naves e que outro tema importante era o elevado custe do desmorte.

A Alcaldesa comenta que pedían 15.000 euros por desmontar o rocódromo.

-Jonathan Miranda roga que se realicen videoactas nos plenos, e que se suban as actas en pdf á páxina web.

-Tamén indica que no pleno anterior falaban da cabina da parada de taxis, e se avanzaron no tema.

A Alcaldesa dille que non.

-Que no pleno anterior preguntaron polo estado do proxecto de Río Miño, Sor e Sanchola, que xa pasou máis de un ano, e que din que Igor está co tema, pero que non ven avances.

-Que tamén no pleno anterior que falaban da aula mentor, e pregunta se se solicitaron as axudas para o mantemento da aula. Laura García dille que non.

-Pregunta se o Concello solicitou as axudas de Seitura.

A Alcaldesa dille que están co tema de facer unha asociación polo tema da electricidade, pero que esas axudas que non se solicitaron.



-Que no pleno anterior tamén faláron da cuberta da casa da cultura, que se pediron dúas axudas a través do Fondo de cooperación local. Pregunta como está o tema.

Laura García comenta que a subvención de mellora da eficiencia enerxética que veu denegada, e que se vai a mirar de conseguir fondos por outro lado xa que se trata dunha obra importante. E que respecto ao tellado da casa da cultura, que non chegaba a parte para que proxecto que se quería facer e que hai que realizar outro proxecto novo.

-Pregunta Jonathan Miranda se van a tratar de volver a falar co presidente da Deputación polos convenios que estaban pendentes.

Laura García dille que hai que mirar outra liña de financiación

-Pregunta se se avanzou algo co convenio da Deputación, polo tema do camiión de recollida dos colectores marróns.

A Alcaldesa di que están á espera.

Laura García insiste en que hai que establecer prioridades.

-Jonathan Miranda pregunta quenes gañaron o premio público da mostra de teatro correspondente ao ano 2024.

Laura García explica que a obra “Náufragos” da produtora “Comenoites”. Engade que este ano que non teñen obra, que é da mesma distribuidora, pero que ven outra compañía.

Jonathan Miranda roga que anuncien este tema, que se especifique que a gañadora foi a obra “Náufragos”, e que anuncien o remate da mostra no ano e que non agarden ao ano seguinte. Tamén indica que lles sorprendeu que non se anuncie que os rapaces do colexio que van a facer unha obra de teatro.

Laura García di que sí que vai a saír anunciado, que vai a saír o video e algunha nova.

-Jonathan Miranda di que viron que xa se correxiu o erro da festa da caldeirada. Que como se envía información ao Xeoparque de todos os Concellos, que bota en falta que a veces non se publicitan eventos de Cariño nas publicacións do Xeoparque.

A Alcaldesa di que eles ven na páxina web do Concello os eventos que se fan. Que ela o ano pasado que lles dixo que non publicitaran o evento da caldeirada de Cariño, pero que si publicitaban todos os actos de Cedeira.

Jonathan Miranda propón que dende o Concello se envíe ao Xeoparque a axenda de eventos.

-Indica que viron que no cartel da festa da Caldeirada, o logo que se utiliza non é o oficial do Concello.

Laura García di que efectivamente que collen os logos de internet, e que non son os oficiais.

Jonathan Miranda cre que cando se trata de eventos municipais que hai que revisalos previamente antes de imprimir.



-Di que viron na prensa un curso de socorrismo organizado pola mancomunidade de Ferrol. Engade que sería interesante publicitalo en redes para coñecemento de todos os cidadáns.

-Di que tamén viron en abril unha nova dende a subdelegación de goberno, que ían poner en marcha furgonetas móbiles para a renovación do DNI, e que Cariño tiña dereito a ela. Pregunta polo tema.

A Alcaldesa di que se vai a poñer unha furgoneta para a renovación dos DNI e pasaportes pero que non sabe cando.

-Jonathan Miranda comenta que hai un furado na zona da Laguna que leva dous meses, e que tamén viron outro na explanada do pavillón.

-Pregunta Jonathan Miranda cando teñen previsto sacar as axudas das asociacións para este ano.

Dille a Alcaldesa a finais de ano.

Jonathan Miranda lembra que se faga unha modificación das bases para poder incluír inversións.

-Pregunta se tiveron unha reunión en Costas polo tema do colexio.

A Alcaldesa dille que sí, que faloron do colexio e do pavillón. Engade que se debeu de facer un camiño previo polos gobernos anteriores e que non se fixo nada. Que se plantexa o cambio dos edificios para outras zonas pero que de momento mentres que non se fagan outras infraestruturas que a idea é manter os existentes. E que lles din que o Concello ten que comezar a traballar neste tema.

-Jonathan Miranda di que se aprobou no Congreso dos deputados un incremento na participación dos tributos do Estado, e que a Cariño lle corresponden 260.000 euros. Pregunta en que os van a utilizar.

A Alcaldesa di que se gastarán nos servizos que haxa.

A continuación, a Alcaldesa comenta que existe unha petición por parte da Asociación de Veciños do Concello de Cariño, dándolle a palabra á presidenta da mesma, que pasa a ler o seguinte escrito, que se reproduce de forma literal:

“Eu, María del Carmen Villarnovo Anido, en calidade de presidenta da Asociación veciñal do Concello de Cariño, solicito que conste en acta do pleno municipal que se celebra hoxe, 31 de xullo de 2025 ás 20:00 h o seguinte:

1.- Centro de día: *queremos deixar constancia da moción presentada conxuntamente polos grupos da oposición sobre o estado actual do centro de día de Cariño, así como dos*



informes, documentación e demais información pertinente que se lle require ao actual equipo de goberno en relación con este servizo.

Desde a asociación veciñal do Concello de Cariño manifestamos expresamente que nos sumamos a esta petición, xa que responde ás preocupacións recollidas na reunión celebrada pola nosa asociación, á que asistiron representantes dos grupos da oposición e tamén outras asociacións veciñais das distintas parroquias do noso concello. Valoramos moi positivamente esta implicación e colaboración, que demostra o interese común pola mellora dos servizos públicos e da calidade de vida da veciñanza.

Por todo iso, solicitamos formalmente a creación dun grupo de traballo conxunto, no que participen os grupos da oposición, a alcaldía e representantes da veciñanza organizada, co obxectivo de analizar con seriedade e rigor a situación real do centro de día e propor solucións prácticas e realistas, evitando a inacción ou o mero paso do tempo sen avances nin compromisos concretos.

*Facemos fincapé para a realización deste punto na Ordenanza reguladora da participación veciñal do Concello de Cariño (BOP nº 127, do 05/07/2013) , concretamene no capítulo VIII.

2.- Estado da rampa do Castro:

Tamén queremos aproveitar esta intervención para preguntar polo estado do arranxo da rampa do Castro, que leva anos nunha situación de abandono visible, converténdose nun gran feísmo urbano que padecemos no centro do noso pobo.

Sabemos que na anterior lexislatura xa houbo unha proposta para a súa recuperación, con materiais adquiridos e un acordo cun artista local, pero por desavinzas entre o artista e a

empresa encargada da execución, a actuación foi suspendida. Na presente lexislatura tivemos coñecemento doutra proposta, da cal non sabemos con certeza que artista ía participar, pero si sabemos que se volveron a mercar materiais e que incluso estes xa estaban preparados para que a obra comezase en novembro de 2024, segundo información facilitada verbalmente pola propia alcaldesa. Porén, a actuación foi sucesivamente adiada ata quedar suspendida novamente.



Por todo isto, pregamos que se nos indique cal é a situación actual desta obra, cales foron os motivos concretos da súa paralización e que solucións manexa o goberno municipal para retomar e completar esta actuación, que consideramos necesaria para recuperar un espazo emblemático e eliminar un feísmo urbano que prexudica a imaxe do noso pobo.

3.- Abandono e vandalismo nas naves da fábrica de Modestiño:

Queremos tamén manifestar a nosa preocupación polo abandono e o crecemento de actos de vandalismo nas antigas naves da fábrica de Modestiño, un espazo que actualmente está a ser utilizado por grupos de rapazada para realizar “reunións” que non parecen estar encamiñadas a fins positivos para a mocidade, e que poden implicar riscos tanto para as persoas como para o benestar social da contorna.

Por todo isto, solicitamos ao Concello que tome medidas urxentes, en primeiro lugar procedendo ao tapiado efectivo das naves para evitar accesos non autorizados, e en segundo lugar establecendo un control periódico da zona para garantir a seguridade cidadá e a prevención de situacións de risco, tanto dende o punto de vista físico como social.

4.- Recollida de lixo e punto limpo:

Por último, queremos facer unha petición sinxela máis importante: a mellora do servizo de limpeza e recollida de lixo, especialmente nestes meses de verán, nos que a poboación se multiplica e a cantidade de residuos medra significativamente. A situación actual de saturación dos contedores, unida ás altas temperaturas, supón un problema de salubridade e de imaxe para o municipio.

Porén, pedimos que se amplíe a frecuencia de recollida e limpeza dos contedores, así como que se estude a posibilidade de instalar un maior número deles nos puntos onde sexa visible. Ademais, retomamos a proposta que xa trasladamos en reunións presenciais coa alcaldía, para que se volva a estudar con seriedade a creación dun punto limpo, que permita unha xestión máis ordenada, responsable e sostible dos residuos.

A asociación veciñal do Concello de Cariño reitera unha vez máis a súa disposición ao diálogo, á colaboración e ao traballo construtivo, co único obxectivo de mellorar o noso concello e atender as necesidades reais da veciñanza”.



A Alcaldesa di que con respecto á rampa do Castro que están agardando a que veña autorización da Deputación e así poder rematar a obra.

Explica en relación á nave de Carrodegas que saben que está abandonada, en concurso de acredores, e que terían que mirar o tema. Que eles estiveron alí fai mes e medio e que había un problema de cheiros, e que contactaron cunha empresa de residuos para que foran a retirar os residuos.

Con respecto ao punto limpo a Alcaldesa comenta que saben que no verán hai maiores necesidades.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos.

A Alcaldesa
Asdo:- Ana M^a Fernández López

A Secretaria
Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE